

A que pode
xogar no
recreo?



índice

- **Mariola**
- **Canicas**
- **Chapas**
- **Corda**
- **Comba**
- **Xogo de mans**
- **Pase misí, pase misá**
- **El pañuelito del guante guante**
- **Brilé**




Mariola

Que necesito para xogar á mariola?

- Unha pedra por neno/a.
- Marcar no solo a forma da mariola.

Como se xoga?

- Cada neno ten que ir lanzando a súa pedra por orde, seguindo os números da mariola, comezando co número 1.
- Despois debe ir dando saltos por todos os números, saltando a casiña da pedra. Ao chegar ao final da mariola, volverá para o principio e volve tirar ao seguinte número.
- Cambia de quenda, cando a pedra non cae onde lle tocaría.



Canicas

Que necesito para xogar ás canicas?

- Un número determinado de canicas por xogador + canica tiradora.
- Unha pedra ou pau para facer as marcas.

Como se xoga?

MODALIDADE 1: FÓRA DO CÍRCULO

- Márcase un círculo no chan.
- Cada xogador coloca o mesmo número de canicas no centro do círculo.
- Por orde, cada xogador lanza a canica tiradora para sacar algunha da canica fóra do círculo. Se sae algunha, quédase con ela.
- O xogo remata cando o círculo queda sen canicas.
- Gaña o xogador que conseguiu máis canicas.



Canicas

Que necesito para xogar ás canicas?

- Un número determinado de canicas por xogador.
- Unha pedra ou pau para facer as marcas.

Como se xoga?

MODALIDADE 2: CANICA AO BURATO

- Faise un burato no chan.
- O primeiro xogador, lanza unha canica para intentar introducila no burato.
- O seguinte xogador, lanza outra canica ao burato, para intentar sacar a que xa está. Se a saca, quédase con ela.
- O xogo acábbase cando todos os xogadores lanzaron todas as canicas. Gaña o xogador que conseguiu máis canicas.



Chapas

Que necesito para xogar ás chapas??

-Unha chapa por xogador.

Como se xoga?

-Márcase unha liña de saída e unha de meta.

-Opcionalmente, pode marcarse un circuito.

-Gaña o xogador que chega antes coa súa chapa á meta.



Corda

Que necesito para xogar á corda?

-Unha comba.

Como se xoga?

É un xogo individual, no que cada un ten a súa comba e salta.

Pódese saltar de adiante cara atrás ou de atrás cara adiante.

Se xogamos varios xuntos podemos facer retos como... quen é capaz de dar máis saltos?



Comba



Que necesito para xogar á comba?

-Unha corda grande.

Como se xoga?

Fan falta, polo menos, tres xogadores: dous que dean á corda e un que salte.

MODALIDADES:

-Cantos saltos dou?

-Acompañar os saltos con cantigas tradicionais, como: "rei, rei,..." "uni, doli, trili, catoli,..."

Xogo de mans

Que necesito para xogar?

-Unha pequena goma ou lá, con forma circular.



Como se xoga?

Necesítanse, polo menos, dous participantes.

Síguense cos dedos os pasos indicados para coller a lá, que despois deberá coller outro compañeiro/a.

Xogo de mans

Que necesito para xogar?

-Unha pequena goma ou lá, con forma circular.



Como se xoga?

Necesítanse, polo menos, dous participantes.

Síguense cos dedos os pasos indicados para coller a lá, que despois deberá coller outro compañeiro/a.

Pase misí, pase misá

Que necesito para xogar?

-Un grupo de compañeiros/as, a partir de 5 persoas.



Pase misí, pase misá

Como se xoga?

Dous participantes elixen unha categoría (froitas, deportes, deportistas, película, ...) e desa categoría, unha opción (por exemplo, se elixen froita, cada un elixirá unha froita). Despois, agárranse das mans facendo unha "ponte", e cantarán "pase misí, pase misá, los de adelante corren mucho, los de atrás se quedarán", ao tempo que o resto de participantes van atravesando a ponte.



Pase misí, pase misá

Como se xoga?

Cando rematan a canción, pechan os brazos para atrapar a alguén, que debe elixir unha das opcións e colocarse detrás dese compañeiro.

Finalmente, faise unha proba de forza, a ver cal opción pode máis.



El pañuelito del guante, guante

Que necesito para xogar?

Un pano de tela e un grupo de compañeiros/as.

Como se xoga?

Un participante colle o pano na man e o resto séntanse formando un círculo e tapan a cara coas mans. Comezan a cantar (mentres o que ten o pano dá voltas darredor, e pousa o pano detrás dun compañeiro/a).

Cando rematan a canción, os que están sentados miran se teñen o pano. Quen o teña levántase para intentar pillar ao líder, que correrá para collerlle o sitio.



OUTROS:

- Palomita blanca, palomita negra

- Peón

- O "pañuelo"

- Brilé

Felices e
divertidos
recreos!

